Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE REHABILITACIÓN EDIFICATORIA

RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2017 pola que se convocan para o ano 2017 as subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016. (Publicación no DOG núm 111 do martes 13 de xuño de 2017).

Beneficiarios:

Poderán obter a condición de persoas ou de entidades beneficiarias destas axudas as comunidades de propietarios/as, as agrupacións de comunidades de propietarios/as e as persoas físicas propietarias únicas de edificios de vivendas .

Obxecto:

1. Esta resolución ten por obxecto convocar as subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria para a anualidade 2017, código de procedemento VI422E.

2. Estas axudas están destinadas a subvencionar a realización de actuacións de rehabilitación que consisten na execución de obras e traballos de mantemento e intervención nas instalacións fixas e equipamento propio, así como nos elementos e espazos privativos comúns dos edificios de tipoloxía residencial colectiva que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que estean finalizados antes de 1981.
b) Que, polo menos, o 70 % da súa superficie construída sobre rasante teña uso residencial.
c) Que, polo menos, o 70 % das súas vivendas constitúa o domicilio habitual das persoas moradoras.

3. Excepcionalmente, admitiranse neste programa os edificios nos que, sen cumprir as condicións anteriores, concorra algunha destas circunstancias:

a) Presenten graves danos estruturais ou doutro tipo, que xustifiquen a súa inclusión no programa.
b) Se destinen na súa totalidade ao alugamento durante, polo menos, 10 anos, contado desde a recepción da axuda.

Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Máis información:

Na Consellería de Infraestruturas e Vivenda e no Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 13 de xuño de 2017

A concelleira de casco histórico,

EXCMO. CONCELLO DE PADRÓN (A Coruña)

Asdo. Lorena Couso Dopazo.